

INFORME DO SERVIZO DE DEPORTES

BASES DE ORGANIZACIÓN DA "VI ANDAINA DO BARBANZA "CONCELLO DE RIANXO"

Expediente: 2024/D002/000017

Artigo 1. A andaina

O Concello de Rianxo, coa colaboración do Club de Montaña 22 Pés, organiza a VI ANDAINA DO BARBANZA "CONCELLO DE RIANXO", o domingo 29 de de setembro de 2024.

A proba forma parte da Liga Galega de Sendeirismo da Federación Galega de Montañismo.

Artigo 2. Participantes

É unha andaina deportiva federada na que poderán participar deportistas federados en clubs galegos de montañismo e persoas non federadas. Tamén se permiten participante doutros países.

A idade mínima para participar é 14 anos, pero os menores de 18 anos deberán ir acompañados en todo momento polos seus titores, sendo estes os seus únicos responsables.

Non se permite o acompañamento de cans, agás os cans guía que poderían ir acompañando a un deportista invidente. De darse o caso, deberán situarse ao final do grupo de deportistas, levando o can atado en todo momento.

Establécese o límite de participantes en 350.

Artigo 3. Percorridos e programa

Establécense dous percorridos circulares, un de 25 Km. e outro de 16 Km. aproximadamente, que percorren as parroquias de Taragoña, Araño, Asados, Leiro e Rianxo.

O programa xeral é o que se detalla a continuación:

- 8:00 h. Punto de encontro e recollida de dorsais – Pavillón Municipal de Rianxo "José M. Abuín – Chema".
- 9:00 h. Saída da proba da Praza Virxe de Guadalupe
- 15:00 h. Hora estimada de remate da proba.
- 15:30-16:00 h. Entrega premios e remate do evento.

Circuíto 25 Km.

Itinerario:

A proba discorre fundamentalmente por pistas forestais, camiños de terra e pistas asfaltadas de pouco tránsito que comunican pequenas aldeas do Concello de Rianxo. No itinerario sinálanse os cruces coas vías de circulación.

Circuíto 16 Km.

Itinerario:

A proba discorre por pistas forestais, camiños de terra e pistas asfaltadas de pouco tránsito que comunican pequenas aldeas do Concello de Rianxo. No itinerario sinálanse os cruces coas vías de circulación.

Artigo 4. Inscripcións

Prazo:

Ata o mércores 25 de setembro de 2024 ás 23:59 h. Non se aceptarán inscricións fora de prazo ou con datos incompletos.

Onde:

Plataforma de inscricións <https://emesports.es/eventos>

Prezo Público:

Os prezos público de inscrición aprobaranse na Xunta de Goberno Local do Concello de Rianxo.

- 10 € para deportistas federados.
- 13 € para deportistas non federados.

Artigo 5. Chips, cronometraxe e retirada de dorsais e chips.

Cronometraxe e control por chip

As persoas participantes estarán controlados a través dun chip que se entregará a cada xunto co dorsal. Establecese o límite de chegada a meta ás 15:30 h.

Retirada de dorsais no Pavillón Municipal de Rianxo “José M. Abuín – Chema”:

1. Sábado 28 de setembro, de 10 a 14 h. e 16 a 20 h.
2. Domingo 29 de setembro, a partir das 8 h.

Artigo 6. Puntuación e agasallos.

A clasificación e premios da Liga Galega de Sendeirismo regúlase no artigo 28 do regulamento publicado pola FGM e que se incorpora como anexo a estas bases de organización.

Os resultados publicaranse en <https://emesports.es/eventos> e na web da Federación Galega de Montañismo.

Agasallos

As persoas deportistas recibirán un agasallo pola súa participación na andaina.

Artigo 7. Servizos

Servizo de gardarroupa

Pavillón Municipal J.M. Abuín “Chema” de Rianxo.

Vestiaros e duchas

Pavillón Municipal J.M. Abuín “Chema” de Rianxo

Aparcadoiros:

Aparcadoiro Público Municipal (gratuito), arredores do pavillón polideportivo e na zona portuaria.

Artigo 8. Outras consideracións

Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de apoio. A non observancia desta norma implicará a descualificación dos deportistas acompañados.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do peito, sen poder facer ningunha modificación no mesmo.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.

A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

As persoas participantes deberán circular polo percorrido marcado pola organización ou seguindo os tracks que desde a propia organización se facilitan, considerándose para todos os efectos usuarias normais da vía e deberán respectar as normas de circulación.

Todo o non reflectido no presente regulamento rexerese polas normas vixentes da FGM e FEM, por esta orde.

Artigo 9. Comunicación e publicidade

Estas bases publicaranse no taboleiro de anuncios, sede electrónica e na páxina web municipal e na web da Federación Galega de Montañismo.

Artigo 10. Aviso legal e de protección de datos

As persoas deportistas aceptan, ao realizar a inscrición, a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril (GDPR) e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro (LOPDGDD), informamos de que os datos persoais e enderezo de correo electrónico da persoa interesada serán tratados baixo a responsabilidade do Concello de Rianxo por un interese lexítimo e para a organización do presente evento deportivo. Os datos non serán comunicados a terceiros, agás obriga legal, e coa excepción da Federación Galega de Montañismo, participante na organización e tramitadora, entre outros, dos seguros e clasificacións. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Rianxo, Praza Castelao, 1, 15920 Rianxo, correo electrónico dpd@concelloderianxo.gal, ou mediante o procedemento habilitado para o efecto da Sede Electrónica: sede.concelloderianxo.gal. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación perante a autoridade de control en www.aepd.es. Datos de contacto do delegado de protección de datos: Ramón Santos Pérez, dpd@concelloderianxo.gal